




2024

**PREMIOS DA
CULTURA
GALEGA**



Galardóns 2024



2024

PREMIOS DA
CULTURA
GALEGA

LETRAS



MANUEL LOURENZO

Ferreira do Valadouro, 1943

A vida de Manuel Lourenzo está ligada ao teatro galego como **escritor, creador, profesor, actor e director**. No ano 2022 publicouse a súa obra completa en catro volumes que inclúen numerosas pezas que ata entón eran inéditas.

Autor de case 300 pezas, a súa obra anova os aspectos do **teatro clásico** para tratar diversos puntos da historia galega desde a Idade Media ata a actualidade, cunha forte presenza das figuras femininas. Algunhas das súas pezas máis recoñecidas son as premiadas *Veladas indecentes* (1997), *O circo de medianoite* (1997), *Flores de Dunsinane* (2009, baseada no *Macbeth* de Shakespeare) ou *Suite Artabria* (2017). Mais non só na dramaturxia centrou a súa escrita. Tamén é autor de libros e artigos teóricos sobre o teatro galego como son *Tacholas* (1975), *O teatro infantil galego* (1978), *Mensaxe do Día Universal do Teatro* (1992) ou *Pensar co corpo* (2001). Así mesmo, non descoidou a **poesía, a narrativa, nin a literatura infantil e xuvenil**, e mesmo fixo incursións no eido da **tradución** con *A Maravillosa historia de Marly, a vampira de Vila de Cruces* (fotonovela nun acto), de Carlos Queiroz Telles (1988).

A súa escrita acadou diversos premios, entre eles o Premio de Teatro Rafael Dieste (1996 e 1999), o Premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais (2009 e 2016) ou o Premio Nacional de Literatura Dramática (1997).

2024

PREMIOS DA
CULTURA
GALEGA

ARTES VISUAIS



XOSÉ MARÍA PÉREZ BARRO

Pontedeume, 1955

Coñecido como **Pepe Barro**, é **deseñador, ilustrador e escritor**. Entre os seus fitos, destacan a realización en 1973 do cartel para a exposición Cómico galego no Círculo Mercantil de Santiago.

En 1977 formou parte do equipo que promoveu a edición do semanario A Nosa Terra, onde levou a cabo traballos de **deseño editorial**. A mediados dos 80 formou canda a Lía Santana e Xosé Díaz o estudio de deseño Grupo Revisión, creadores da identidade gráfica da Universidade da Coruña, a páxina web da Real Academia Galega, o deseño da revista Tempos Novos, as publicacións de Turgalicia, a imaxe do proxecto Poetas Di(n)versos ou o deseño da camiseta da selección galega de fútbol.

Xa co nome de Barro Deseño realizou os proxectos museolóxicos da Casa de Rosalía, da casa-museo de Manuel Antonio, e do Museo Ramón Cabanillas, a cabeceira de Nós Diario, o logotipo de Culturgal, o deseño da exposición Con-fío en Galicia (2016) ou a imaxe da exposición Galicia 100 (2017), así como traballos para empresas particulares. Para Edicións Xerais ilustrou libros como Arnoia, Arnoia de Méndez Ferrín ou Cantares gallegos de Rosalía.

2024

PREMIOS DA
CULTURA
GALEGA

ARTES ESCÉNICAS



MARTA PAZOS ANTAS

Vigo, 1976

Marta Pazos é licenciada en Belas Artes e directora de escena, actriz e escenógrafa, figurando na actualidade como unha das creadoras máis efervescentes da vangarda escénica.

Como directora artística de Voadora desde 2007 desenvolveu unha linguaxe propia baseada na plástica, a música, a hibridación de disciplinas e a investigación escénica constante. Acadou dous premios María Casares á mellor directora, en 2011 por *Super8* e en 2013 por *Tokio3*, espectáculo co que foi finalista ao mellor espectáculo revelación dos premios Max das artes escénicas de España.

Traballou co Centro Dramático Nacional, co Centro Dramático Galego e co Teatre Lliure, e levou os seus espectáculos aos festivais máis importantes de España, do Brasil, Mozambique, República Checa, Francia e Portugal, ademais de Galicia. Recibiu catro Premios de Teatro María Casares como directora de escena e escenógrafa e neste 2024 dirixiu o espectáculo *Dique* da compañía Nova Galega de Danza, unha homenaxe ás 200 galegas que escavaron o Dique da Campá en Ferrol, considerada a obra mais importante da enxeñería hidráulica do século XIX.

2024

PREMIOS DA
CULTURA
GALEGA

MÚSICA



JOAQUÍN MARTÍNEZ SILVA

Portas, 1971

Joaquín Martínez Silva é un dos principais **xestores culturais galegos no ámbito do sector musical** privado, fundador e director da empresa *Esmerarte Industrias Creativas*, entidade referente do sector creativo en España con tres sedes: Vigo, Madrid e Cidade de México.

A súa vinculación coa música empezou a finais dos anos 90 do século XX cun local mítico en Caldas de Reis, o Rañolas. Desde entón, desenvolveu unha extensa traxectoria nas industrias culturais, participando no deseño, creación e xestión dalgúns dos festivais máis relevantes de Galicia, como o *PortAmérica*, *O Son do Camiño*, *Latitudes* ou *Río Verbena*.

En paralelo, desempeña o seu labor como **manager persoal de artistas** que figuran a día de hoxe entre os máis punteiros a nivel nacional e internacional, como Xoel López, Vetusta Morla, Carlos Sadness, Furious Monkey House etc. Actualmente, é o presidente da Federación da Música de España, que agrupa a máis de 120.000 socios de todas as actividades do sector.

2024

PREMIOS DA
CULTURA
GALEGA

AUDIOVISUAL



FICCIÓN PRODUCCIONES

A empresa audiovisual Ficción Producciones comezou a súa andaina en 2003 e hoxe produce **contidos audiovisuais de ficción e de animación para o mercado nacional e internacional**. Tamén é unha **produtora TIC**, que aposta polas novas tecnoloxías, desenvolvendo proxectos audiovisuais de última xeración, integrando imaxe real e 3D, un exemplo de innovación.

A serie *Hospital Real*, tamén *Tutu*, en animación 3D e emitida en Clan TV, ou o programa de actualidade *Fun polo Aire* para a Televisión de Galicia, en emisión durante varios anos, son algunhas das súas producións orixinais, colaborando tamén que tamén na serie de Telecinco *Vivir sin permiso*, gravada en Galicia. Ademais, Ficción Producciones foi pioneira na asistencia a mercados internacionais na procura de socios, de proxectos e de financiamento para os proxectos de produción. Froito desta aposta internacional, levou a cabo *3 Caminos*, unha serie coproducida con Amazon Prime Video. Coa mesma plataforma internacional produciu a serie *Operación Marea Negra* e estrearáse en 2025 a serie *Punto Nemo*.

2024

PREMIOS DA
CULTURA
GALEGA

LINGUA



JULIA DÍAZ SIXTO

Ferrol, 1968

Julia Díaz Sixto é unha **xornalista** que desenvolveu a súa traxectoria profesional en Ferrolterra comezando en Radio Popular de Ferrol en 1968, onde entre outras actividades presentaba o programa semanal *O Espello Musical*, dedicado á música popular e folclórica galega.

Desenvolveu colaboracións en diferentes medios de comunicación escritos, en publicacións en galego como a revista cultural *Grial*, e entrevistou para a radio a personaxes destacados da vida cultural galega como Ramón Piñeiro, Domingo García Sabell, Ramón Otero Pedrayo, Ricardo Carballo Calero, Álvaro Cunqueiro ou Eduardo Blanco Amor, Xesús Alonso Montero, Celso Emilio Ferreiro, José Filgueira Valverde, Xosé Manuel Beiras ou Carlos Casares.

Durante este período realiza todo tipo de programas informativos, culturais e musicais e en 1987 participa como socia fundadora e compoñente do equipo directivo do Club de Prensa de Ferrol, entidade do que foi presidenta en varias etapa e que botou a andar unha serie de actividades, das que varias se manteñen na actualidade, con fonda pegada na lingua e na cultura ferrolá.

2024

PREMIOS DA
CULTURA
GALEGA

PATRIMONIO CULTURAL



XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ REBOREDO

Lugo, 1946

Xosé Manuel Gozález é un **antropólogo especializado na prehistoria e na etnografía de Galicia**. Licenciado en Filosofía e Letras e doutor en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, foi discípulo de Fermín Bouza-Brey e membro do padroado do Museo do Pobo Galego. Desta institución foi responsable da Sección de Etnografía Material (cultura agraria) dende a súa fundación ata 1989; e membro da xunta reitora de 1987 a 1990; tamén colaborou co museo en calidade de coordinador do Instituto de Estudos das Identidades.

Publicou máis dun cento de artigos e relatorios en Galicia, España e outros países, así como case cincuenta libros sobre a temática etnográfica e antropolóxica, entre os que cómpre salientar *Lendas galegas de tradición oral*; *Guía das festas populares de Galicia*; *Vida e obra de Xaquín Lorenzo* ou o *Dicionario de etnografía e antropoloxía de Galicia*.

É membro correspondente da Real Academia Galega e do consello editorial do Proxecto Galicia (Hércules de Ediciones). Tamén foi director da Sección de Etnografía do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento e membro da Sección de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega.

2024

PREMIOS DA
CULTURA
GALEGA

PROXECCIÓN EXTERIOR



REAL CLUB CELTA DE VIGO

O Real Club Celta celebrou o seu centenario no 2023 e para conmemoralo pensou en facer algo que o reconciliase coa súa masa social.

A resposta chegou polas redes sociais. O día que o artista de renome internacional, **C. Tangana**, se postulou para asumir o reto de compoñer unha peza única e irrepetible, o **himno do RC Celta polo seu centenario**, o club soubo que non podía deixar pasar esta oportunidade.

Co audiovisual do himno *Oliveira de cent anos* buscaron trasladar que a identidade non era só un obxectivo, senón un anhelo profundo: cada vigués e galego debía sentirse parte do club. Quixeron facer o símbolo arraigado nunha cultura, nunha lingua, nunha emoción, e lograron o reto cunha obra mestra. O artista C. Tangana declarou que era unha carta de amor a Galicia, unha homenaxe á nosa cultura e tradición.

Trátase dunha superprodución feita en Galicia que conseguiu traspasar fronteiras, **cunha gran repercusión e proxección exterior** e con millóns de interaccións e reproducións en diferentes plataformas como youtube o Spotify.



XUNTA
DE GALICIA